

9. X. M. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ - *CANCIOEIRO DE MONFERO*



neotrobadorismo é unha das correntes polas que camiñou a poesía galega na primeira metade do século XX.

A poesía neotrobadoresca caracterízase pola súa perfección formal, que reivindica e emprega formas populares da poesía, sobre todo no relativo ao ritmo e á métrica, ademais de recuperar recursos estilísticos propios da lírica dos cancioneros (paralelismo, refrán, leixaprén).

Xosé María Álvarez Blázquez ponlle fin a esta tendencia en **1953**, coa publicación do *Cancioneiro de Monfero*, que fai pasar por un auténtico cancionero do século XIII, levando ao extremo o xogo literario da imitación poética.

Cómpre valorar a importancia que na Idade Media tiñan os manuscritos, tanto literarios coma musicais, como medios de transmisión de coñecementos e de creación artística, sendo vivo reflexo de criterios estéticos, ideolóxicos e culturais que hoxe nos permiten saber moito máis acerca de como era a vida hai máis de medio milenio. O minucioso traballo, propio de monxes e escribáns, de escribir e debuxar a tinta sobre pel de cabra ou carneiro curtida (pergamiños) era unha tarefa para a que se precisaba unha gran cualificación que moi poucos tiñan e que se destinaba a obras importantes que, por algún motivo, merecían ser conservadas para a posteridade: textos sagrados, escrituras de propiedades, testamentos, fazañas e historias, poesía épica e lírica...

Compréndese logo que os poemas, nalgunha ocasión coa súa correspondente música, que cantaban os trovadores e os xograres alá polos séculos **XIII** e **XIV** debían ser apreciados pola sociedade da época, especialmente nas cortes dos nobres e monarcas, xa que moitos deles foron agrupados en "coleccións" manuscritas que se conservaron ata os nosos días e que denominamos cancioneros.

Só en galego-portugués consérvanse cerca de dúas mil cen cantigas, catrocentas das cales pertencen ao corpus da temática relixiosa das chamadas *Cantigas de Santa María*, escritas na Corte do rei Afonso X. As restantes, de carácter profano, consérvanse en tres manuscritos principais, ningún con notación musical: o *Cancioneiro da Ajuda*, o *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana* e o da *Biblioteca Nacional de Lisboa*. Outras cantigas atópanse escritas en pergamiños soltos, algúns deles de extraordinaria importancia, como o *Pergamiño Vindel* (cos poemas e a música de Martín Códax) e o *Pergamiño Sharrer* (tamén con notación musical).

Á parte do valor que este legado manuscrito ten para a historia da literatura, o interese dos cancioneros non queda aquí. As *Cantigas de Santa María*, así como os pergamiños Vindel e Sharrer, son documentos interesantísimos para coñecer a música que acompañaba os poemas trovadorescos. Tamén as detalladas ilustracións presentes, por exemplo, no *Cancioneiro da Ajuda* ou no das *Cantigas de Santa María* e que representan personaxes, instrumentos, vestimentas e escenas, teñen un grande interese para a historia xeral e especialmente para a historia da música e da arte.

Respecto do contido literario destes cancioneros en galego-portugués, presentan características específicas que falan dunha raíz local influenciada pola lírica provenzal e que lles serviron aos estudosos como punto de partida para estudar a orixe das literaturas portuguesa e galega. Ao longo da historia, numerosos literatos de alén e aquén do Miño tomaron os trazos estéticos e estilísticos das cantigas medievais como fonte de inspiración, co que se estableceu un diálogo entre pasado e presente que configura sinais de identidade especialmente importantes na literatura galega de principios do século **XX**.

Non se debe esquecer que outra das grandes obras do noso autor foi a *Escolma da Poesía Medieval*, publicado na colección Pombal de Edicións Castrelos no **1975**.

As cantigas que completan esta escolma figuran no *Cancioneiro da Biblioteca Apostólica Vaticana*, *Cancioneiro Colocci-Brancutti* (Biblioteca Nacional de Lisboa), *Cancioneiro de Ajuda*, en varios códices do *Libro de Cantigas de Santa María*, de Afonso X, no *Códice Toledano* e no *Códice Florentino*.

Xosé María Álvarez Blázquez di no prólogo do libro o seguinte:

"O presente volume acolle, baixo un criterio puramente persoal, o máis granado da obra poética dos trovadores pertescentes á chamada escola medieval galego-portuguesa, cuio comén certo dátase no ano 1198, por corresponder á primeira cantiga de data conecida, e cuio final acada coa morte do Conde de Barcelos, acaecida no ano 1354. Non remata nista data de tan súpeto modo, o frolecer lírico medieval da Galicia; a roseira aínda tería vida por un século máis, pero xa as súas froles abrocharían coa tristeira cor da caducidade, coma privadas do vido orballo mañanceiro da inspiración. É o tempo do trasprante á terra chá das Castelas, onde o feitizo coorista dos mences do noso chan é suprantado polo devalante e largacío empardecer dos longos solpores, a turrar das sombras nunha infinda anguria de nunca morrer. Alá foi a nosa lírica topar seu longo lusco e fusco, dando lugar á escola galego-castelán, que non tería remate deica o intre mesmo en que, coa tráxica morte do grande amador Macías, morría non mundo occidental a voz aluarada das coitas de amor".

